



DEPUTACIÓN PROVINCIAL
OURENSE

SECRETARÍA

FRANCISCO CACHARRO GOSENDE, secretario xeral da Excm. Deputación Provincial de Ourense,

C E R T I F I C O:

1º.- Que o orzamento correspondente ó exercicio 2012 da Excm. Deputación Provincial de Ourense, aprobado polo Pleno da Corporación con data 16 de decembro de 2011, foi exposto ó público, durante o prazo de quince (15) días, mediante anuncio insertado no BOP n.º 286, de data 20 de decembro de 2011.

2º.- Que durante o prazo de información pública, previsto na lexislación vixente para a formulación de reclamacións, reparos ou observacións a dito orzamento, non se formulou ningunha reclamación contra o orzamento propiamente dito.

Non obstante o anterior, consta a presentación de seis (6) reclamacións especificamente referidas á relación de postos de traballo (en adiante RPT), integrada no referido orzamento, co detalle seguinte:

- Reclamación n.º 1, do 22 de decembro de 2011 (n.º de rexistro de entrada (en adiante nre) 35.017), formulada por dona Olga Mojón Costela.
- Reclamación n.º 2, do 29 de decembro de 2011 (nre 35.637), formulada por don Manuel Fernández Rodríguez.
- Reclamación n.º 3, do 30 de decembro de 2011 (nre 35.719), formulada por don Daniel Albornoz Domínguez.
- Reclamación n.º 4, do 4 de xaneiro de 2012 (nre 247), formulada por don José Manuel Figueiredo Rodríguez.
- Reclamación n.º 5, do 4 de xaneiro de 2012 (nre 283), formulada por don Feliberto López Rodríguez e outros.
- Reclamación n.º 6, do 5 de xaneiro de 2012, (nre 303), formulada por don Manuel Rodríguez Pérez.

Faise constar que, de conformidade co sinalado expresamente no acordo de aprobación inicial do orzamento, a formulación de reclamacións contra a RPT, cando teñan carácter específico e restrinxido a dito documento, non impedirá que se teña por aprobado definitivamente o orzamento no caso de que non existan reclamacións contra este, sendo as reclamacións contra a RPT obxecto de resolución mediante acordo independente.

E para que conste, expido a presente certificación en Ourense, o trece de xaneiro de dous mil doce.

V e pr.
O PRESIDENTE,

